4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Identifícase a documentación relacionada cos requisitos do servizo de alimentos, ou outros procedementos de control.
CA3.4 Defínese o itinerario da comanda tendo en conta os departamentos asociados.
CA3.5 Identifícanse os novos sistemas de comandas asociados ás novas tecnoloxías.

4.8.e) Contidos

Contidos
Caracterización e usos da comanda: formalización e fluxo de movementos itinerarios. Corrección de erros, cambios e anulacións.
Formalización de formularios interdepartamentais e de control.
Aplicación das novas tecnoloxías en sistemas de control na restauración.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Atención á clientela	10

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Executa operacións de apoio no servizo de alimentos en sala, e valora as súas implicacións na calidade do servizo.	NO
RA4 - Executa operacións de apoio no servizo de bebidas en sala, e valora as súas implicacións na calidade do servizo.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.9 Tivéronse en conta as normas de atención á clientela durante o desenvolvemento das operacións.
CA4.8 Tivéronse en conta as normas de atención á clientela durante o desenvolvemento de todas as operacións.

4.9.e) Contidos

Contidos
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.
Aplicación do protocolo no servizo de mesa.
Aplicación do protocolo no servizo de bebidas en mesa.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Operacións de servizo de bebidas en sala	40

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Executa operacións de apoio no servizo de bebidas en sala, e valora as súas implicacións na calidade do servizo.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense e caracterízanse as fases de execución dos servizos de diversos tipos de bebidas en sala.
CA4.2 Identifícanse as fases e os procedementos que se deban desenvolver, e relaciónanse coas características do servizo de bebidas.
CA4.3 Identifícase e interprétoase a documentación relacionada cos requisitos do servizo de bebidas ou outros procedementos de control.
CA4.4 Verifícase a dispoñibilidade dos elementos necesarios, previamente ao desenvolvemento das tarefas.
CA4.7 Realízanse ordenadamente as operacións de recollida e limpeza.
CA4.9 Realízanse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.10.e) Contidos

Contidos
Material de uso específico e complementario no servizo de bebidas en sala: caracterización, usos e aplicacións.
Revisión de existencias. Rotación.
Características específicas de servizo de cada bebida.
Cronoloxía no servizo e desbarasado das bebidas.
Operacións de apoio ao servizo de bebidas en sala (viños, augas, cafés, etc.), atendendo ás necesidades da clientela.
Formalización de formularios interdepartamentais e de control.
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Normas básicas no servizo de bebidas	25

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Executa operacións de apoio no servizo de bebidas en sala, e valora as súas implicacións na calidade do servizo.	NO

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.5 Realízouse correctamente e na orde establecida o transporte en bandexa, en función do tipo e da clase de bebida.
CA4.6 Realizáronse as técnicas de servizo en función das características da bebida, do tipo de servizo requirido, e do protocolo e as normas establecidas.

4.11.e) Contidos

Contidos
Normas básicas do servizo de bebidas.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Execución das operacións de postservizo e pechamento das áreas de sala	30

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Executa as operacións de postservizo e pechamento das áreas de sala en relación coas necesidades de reposición, e con adecuación ao seguinte servizo.	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Caracterizáronse as operacións de postservizo habituais nestas áreas de servizo.
CA5.2 Distinguíronse as fases e os procedementos para a limpeza, o mantemento e a adecuación dos equipamentos, a moblaxe e os materiais utilizados durante o servizo, e estableceuse a súa secuencia.
CA5.3 Identificáronse e determináronse as necesidades de reposición de materiais e de materias primas, tendo en conta as previsións de uso e consumo.
CA5.4 Identificouse e formalizouse a documentación necesaria para o abastecemento e a reposición seguindo os procedementos establecidos.
CA5.5 Identificáronse e determináronse as necesidades de conservación ou devolución ao departamento de cociña dos produtos que o requiran, para a súa adecuación a usos posteriores.
CA5.6 Recolleuse nos lugares de limpeza o material utilizado, ordenadamente e con corrección.
CA5.7 Recolocouse a moblaxe utilizada, para a súa adecuación a usos posteriores.
CA5.8 Comprobouse a adecuación da área de preparación e servizo para o seu uso posterior.
CA5.9 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.12.e) Contidos

Contidos
Operacións de postservizo en áreas de sala.
Secuencia de fases e aplicación de técnicas. Cronoloxía de recollida e colocación do material, da moblaxe e dos equipamentos.
Determinación de necesidades e control de existencias. Reposición de xéneros.
Control e reposición de materiais e materias primas.
Análise e detección de necesidades. Procedementos de control. Formalización de impresos interdepartamentais.
Procedementos de execución das operacións de postservizo. Control e valoración de resultados.
Verificación da adecuación de equipamentos, de instalacións e da área de preparación ou servizo en xeral para a seguinte quenda.
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Serán mínimos exigibles os CA os que indicamos a continuación:

Unidade 1.- CA1.9, CA2.1

Unidade 2.- CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA2.3

Unidade 3.- CA1.4, CA1.5, CA2.2

Unidade 4.- CA1.6, CA1.8, CA2.4, CA2.6

Unidade 5.- CA1.7, CA2.7

Unidade 6.- CA3.1, CA3.2, CA3.7, CA3.8

Unidade 7.- CA3.6

Unidade 8.- CA3.3, CA3.4, CA3.5

Unidade 9.- CA3.9

Unidade 10.- CA4.1, CA4.2, CA4.3, CA4.7

Unidade 11.- CA4.5, CA4.6

Unidade 12.- CA5.1, CA5.2, CA5.4, CA5.5, CA5.6, CA5.8

Responderán ao desenvolvemento da avaliación continua na súas tres fases: avaliación inicial, avaliación continua e a avaliación final.

Farase unha avaliación inicial para establecer un punto de partida tendo en conta os coñecementos cos que comeza o conxunto do alumnado.

Tamén procurarase ter unha impresión das expectativas que teñen sobre o módulo e sobre o futuro profesional.

Na avaliación das aprendizaxe terase en conta, ademáis dos resultados das probas de coñecemento e desempeño, a realización das tarefas propostas, a progresión do alumnado na súa aprendizaxe, así como, a participación na aula.

Os criterios de avaliación empregados para a calificación en cada unha das avaliacións serán os seguintes:

PE (proba escrita): para cuestionarios, preguntas de resposta curta, traballos de aula. (probas de coñecemento).

LC (lista de cotexo): para avaliar as evidencias de produto, fichas de traballo, traballo de investigación, listaxe de características, etc.

TO (táboas de observación): para avaliar as probas de desempeño, supostos prácticos e traballo diario da clase. (probas de desempeño).

A porcentaxe de cada instrumento está reflexada en cada unidade didáctica e asociada aos Ca correspondentes e a porcentaxe final sería:

PE/OU.- 25%

LC.- 15%

TO.- 60%

Realizaranse tres avaliacións parciais nas datas que fixe o centro.

Para obter unha cualificación positiva resulta necesario obter un mínimo dun 5, facendo media as porcentaxes anteriormente citadas.

A cualificación final debe expresarse en números enteiros, polo tanto cando os decimais sexan iguais ou superiores a 0,5 a cualificación farase a alza e a baixa en caso contrario.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado.

O plan de recuperación non implica a realización dunha proba, senón que se trata de levar a cabo as actividades e procedementos previstos nas unidades didácticas desta programación, como medio para acadar os resultados de aprendizaxe do módulo.

O alumno será avaliado igualmente polo sistema de avaliación continua segundo as actividades e exercicios propostos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda do dereito á avaliación continua deberá realizar unha proba de avaliación. A proba versará sobre os contidos tratados durante o curso e que ten como referente a totalidade dos criterios de avaliación do módulo. (mínimos exixibles)

Unha cualificación positiva nesta proba require o coñecemento sobre a materia, e dicir, farase unha proba de coñecemento e unha proba de desempeño de todos os contidos traballados o longo do curso.

A proba de desempeño terá un peso dun 70% sobre a nota final e a proba de coñecemento do 30%. Para a superar o módulo deberá acadar unha nota mínima dun 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Esta levarase a cabo mediante un continuo proceso de Feed-back. Correxindo e mellorando todos aqueles aspectos que a xuízo do equipo docente implicado non den os resultados esperados e polos canles establecidos por normativa legal.

Farase un seguimento periódico na aplicación informática así como, unha reunión de departamento como mínimo unha vez ao mes.

Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificacións de cara o seguinte curso.

Para a avaliación da propia práctica docente, en cada trimestre, farei un cuestionario anónimo os alumnos, sobre:

- A adecuación da metodoloxía empregada, para lograr os resultados de aprendizaxe e as necesidades e características do alumnado.
- As actividades que favorecen a motivación e a implicación do alumnado na súa aprendizaxe.
- O ambiente da aula en canto as relacións interpersoais (colaboración, respecto, complicidade, etc.), entre os alumnos, así como, entre alumnos e docente.
- Os alumnos farán unha enquisa anónima que versará sobre os puntos citados anteriormente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realízase para obter información sobre a situación de cada alumno e alumna con fin de obter información que permita planificar a intervención educativa atendendo as capacidades e necesidades individuais e grupais, así como, as características do entorno.

O procedemento a seguir para a recollida de información terá unha duración aproximada dun mes. Durante este período empregaranse técnicas de:

- Observación: realizar un rexistro anecdótico tanto de feitos positivos como negativos da conducta do alumnado.
- O diario: realizar anotacións diarias sobre as tarefas plantexadas e as que se fan, así como, o interese que suscita unha tarefa determinada.
- Proba escrita sobre os contidos traballados durante o mes adicado a recollida de información.
- Reunión do equipo docente e da xefatura de estudos do centro para a posta en común de toda a información recabada.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado con dificultades concretas na adquisición dos contidos darase un apoio educativo determinado propoñendo traballos e

actividades de apoio e reforzo que lle permitan acadar as capacidades asociadas aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

- Realización de mapas conceptuais, elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos, pequenos traballos de búsqueda de información.
- Repetición de prácticas.

Na proposta destas actividades de apoio e reforzo teranse en conta as diferentes capacidades, motivacións e intereses que presentan os alumnos ou alumnas.

No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectivas dos resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá proponer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 "De acordó co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral".

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Un profesional da rama de hostalería debe ser tamén unha persoa socialmente madura que participa na construción da súa comunidade, un cidadán protagonista no discurso pola paz e a non violencia, a tolerancia, o respecto á diversidade, a sensibilización medioambiental, a vida saudable, o consumo intelixente, así como, un cidadán formado na súa cultura, na ética e no civismo imprescindible para a convivencia democrática chea de sentido humano.

O traballo interdisciplinar pódese desenrolar en cada recuncho e en cada momento e, por iso, o tratamento que se darán os contidos transversais será a integración no módulo. Tamén seremos sensibles a un conxunto de conmemoracións (día da árbore, día da muller, día da paz, día do medio ambiente, etc) que permitiranos reforzar a atención e favorecerá sensibilización de toda a comunidade educativa ós mencionados contidos.

En conxunto ou por separado trataranse os seguintes temas transversais:

- Educación para o consumo responsable.
- Educación para a saúde, tendo en conta a alimentación como factor de saúde.
- Educación para a prevención de riscos laborais.
- Educación medio ambiental, mostrando interese e respecto polo medio ambiente.
- Educación en valores, tendo presente valores humanos e de convivencia.
- Educación para a igualdade, respetando as persoas dende a igualdade.
- Educación para a cooperación, aprendendo a cooperar cos demais.
- Educación para a integración social, aprendendo a integrarse e convivir.
- Educación para a interculturalidade, estando aberto a outras costumes e formas de vivir.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A programación das actividades complementarias e extraescolares deben contribuir o logro das capacidades terminais do módulo, ás finalidades e obxectivos xerais dos ciclos formativos e á finalidade educativa da Formación Profesional, o perseguir obxectivos transversais de convivencia, civismo, socialización ou integración do alumnado con necesidades educativas especiais, en ningún caso resultar de accións arbitrarias, fruto da improvisación, ou inconexas co deseño curricular.

Tendo en conta, por un lado, o anteriormente mencionado e, por outro, que as actividades pretenden ser motivadoras, de coñecemento do entorno, con aspectos lúdicos e de obxectivos propios do módulo; propónse as seguintes:

- Obxectivos do módulo:

1_ Actividades propostas polo departamento de hostalaría

- Obxectivos transversais e de titoría:

- 1_ Participar en actividades lúdicas do centro educativo.
- 2_ Participar en actividades programadas polo Departamento de Orientación.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CMHOT02	Servizos en restauración	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0152	Servizos en bar e cafetería	2021/2022	7	140	140

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	GERARDO PEREIRA ROMERO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación realízase para o módulo de "Servizos en bar e cafetería" pertencente ao segundo curso de "Técnico en Servizos de Restauración". Para a realización da mesma resulta necesario tomar como referencia o currículo que se establece a partir do Decreto 58/2010, do 18 de marzo.

O módulo de S.B.C. contén a formación necesaria para o desempeño de actividades relacionadas coas funcións de produción, servizos e atención a clientela, e algunhas subfuncións relacionadas coa calidade e a administración no ámbito dos servizos en bar e cafetería.

Ademais o módulo de S.B.C. está asociado as unidades de competencia UC1047_2: asesorar sobre bebidas distintas a viños, preparamos e presentamos.

UC1049_2: preparar e expor elaboracións sinxelas propias da oferta de bar-cafetería.

UC1050_2: xestionar o bar-cafetería.

da cualificación HOT327_2 do Catálogo Nacional de Cualificacións.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), g), h) e i) do ciclo formativo, e as competencias a), c) d), e), f), g), h), i), j) e k).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar as competencias do módulo han versar sobre:

- Caracterización dos protocolos de actuación ante a clientela e adecuación do servizo ás expectativas e ás necesidades demandadas por esta.
- Identificación e caracterización de bebidas alcohólicas fermentadas, fermentadas, destiladas e derivadas (agás o viño), así como o desenvolvemento de procedementos da súa elaboración e do seu servizo.
- Caracterización e desenvolvemento das operacións de posta a punto nas áreas de preparación e manipulación de alimentos, así como os procesos significativos de conservación e rexeneración destes.
- Recoñecemento e aplicación das técnicas culinarias para a elaboración e presentación de pratos e aperitivos propios das áreas de bar e cafetería.
- Identificación e desenvolvemento dos sistemas de cobramento e facturación, así como a súa relación e a súa aplicación en sistemas de xestión integrados.

O posto de traballo que ocupan os alumnos unha vez superado o ciclo, en relación co módulo de S.B.C., é o de camareiro/a de bar e cafetería ou restaurante e o de barman e polo tanto a súa aprendizaxe a enfocarei á adquisición de coñecementos e habilidades que lles permitan realizar con autonomía funcións de tratamento e consideración á clientela durante o acollemento, a estadia e a despedida nestas áreas de servizo, así como o tratamento de queixas e reclamacións; preparación, presentación e servizo de bebidas alcohólicas (agás o viño), cócteles e combinados; elaboración, presentación, decoración e servizo de pratos e aperitivos propios do bar e da cafetería; e procedementos de cobramento e facturación dos servizos prestados.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Atención á clientela no servizo de bar e cafetería	Nesta UD aprenderase a identificar as principais funcións do persoal de servizo en bar e cafetería. Acoller a clientela, informándoa e asesorándoa sobre a oferta, identificando os protocolos de actuación ante as queixas, reclamacións e suxestións, conforme as expectativas da clientela e mantendo a actitude correcta.	20	15
2	Destilados e augardentes	Nesta UD aprenderase a caracterizar as bebidas alcohólicas destiladas e fermentadas-destiladas, relacionándoas coa súa procedencia, as materias primas e o proceso de elaboración, describindo o proceso de elaboración. Identificar as características organolépticas e marcas comerciais, empregando o material de servizo apropiado e respectando a normativa.	20	15
3	Licores	Nesta UD aprenderase a caracterizar os licores e bebidas aperitivo, relacionándoas coa súa procedencia, as materias primas e o proceso de elaboración, describindo o proceso de elaboración. Identificar as características organolépticas e marcas comerciais, empregando o material de servizo apropiado e respectando a normativa.	20	15
4	Elaboracións de cócteles e combinacións alcohólicas	Nesta UD aprenderase a identificar o material, utensilios, xeneros, cocteles e series asociados á coctelaría, e definir as súas características. Realizar a posta a punto, elaborar crear e decorar cocteles aplicando as técnicas, normas e procesos asociados.	30	20
5	A plancha	Nesta UD aprenderase a caracterizarse as técnicas de preparación asociadas as elaboracións sinxelas na plancha de cafetería, realizar o aprovisionamento para as mesmas, a posta a punto, así como preparar, presentar e servir as citadas elaboracións.	20	15
6	Elaboración de pratos e aperitivos propios do bar e cafetería	Nesta UD aprenderase a caracterizarse as técnicas de preparación asociadas aos aperitivos e pratos combinados en cafetería, realizar o aprovisionamento e conservación dos xeneros empregados, a posta a punto, así como preparar, presentar e servir as citadas elaboracións, traballando en equipo e coordinadamente.	20	15
7	Realización da facturación e cobramentos	Nesta Ud aprenderase a identificar, caracterizar e realizar os procesos de facturación e cobro, peche e arqueo de caixa, nas áreas de servizo. Formalizar e cotexar a factura indicando todos os datos necesarios.	10	5

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Atención á clientela no servizo de bar e cafetería	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende a clientela no servizo de bar e cafetería tendo en conta a relación entre a demanda e os produtos que se sirvan.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as principais funcións do persoal de servizo en bar e cafetería.
CA1.2 Acolleuse a clientela á súa chegada ao establecemento aplicando o protocolo empresarial.
CA1.3 Relaciónanse os produtos e os servizos do establecemento coas peticións e as necesidades de cada tipo de cliente.
CA1.4 Identifícanse demandas implícitas da clientela en relación coas técnicas de venda, suxeríronse produtos propios do establecemento e, en caso necesario, explicáronse as súas características básicas.
CA1.5 Adecuouse a resposta e o servizo ás demandas e á tipoloxía da clientela, de xeito que queden cubertas as súas expectativas.
CA1.7 Seguíronse as pautas marcadas relativas á calidade que se lle pretenda ofrecer á clientela.
CA1.8 Mantivéronse as actitudes apropiadas.
CA1.9 Identifícanse os protocolos de actuación fronte a diferentes tipos de reclamacións, queixas ou suxestións.

4.1.e) Contidos

Contidos
Identificación das principais funcións e competencias do persoal de servizo en bar e cafetería.
Realización da venda segundo os procedementos establecidos.
Suxestións, queixas e reclamacións. Especificidades das reclamacións en establecementos de bar e cafetería.
O profesional de bar e cafetería: uniformidade, hixiene persoal, aptitudes e actitudes. Traballo en equipo.
Quendas e fases do traballo en bar e cafetería.
Procedementos de acollemento, estadia e despedida da clientela en bar e cafetería.
Aplicación de técnicas de comunicación e venda en bar e cafetería consonte as expectativas da clientela en cada tipo de establecementos.
Características dos tipos de bar: americano de hotel, cafetería, cervexaría, pub, musical, temático, etc. Tendencias actuais.
Presentación da oferta en bar e cafetería: exposición de produtos e servizos; atención ás demandas e ás expectativas da clientela.
Tratamento de suxestións e adecuación da oferta.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Destilados e augardentes	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Serve bebidas alcohólicas, agás o viño, e identifica as súas características e a súa presentación.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizáronse e clasificáronse as bebidas alcohólicas fermentadas, as fermentadas-destiladas e as derivadas, agás o viño.
CA2.1.1 Caracterizáronse e clasificáronse as bebidas alcohólicas destiladas e fermentadas-destiladas..
CA2.2 Relaciónáronse as bebidas coa súa procedencia, as materias primas e o proceso de elaboración.
CA2.2.1 Relaciónáronse os destilados e bebidas alcohólicas fermentadas-destiladas coa súa procedencia, as materias primas e o proceso de elaboración.
CA2.3 Descríbense os procesos de elaboración de bebidas alcohólicas, agás o viño, e identifícanse as súas marcas máis usuais, a súa presentación e as súas características comerciais.
CA2.3.1 Descríbense os procesos de elaboración de bebidas alcohólicas destiladas e fermentadas-destiladas, e identifícanse as súas marcas máis usuais, a súa presentación e as súas características comerciais.
CA2.4 Identifícanse as principais características organolépticas coas aplicacións habituais de bebidas alcohólicas simples e outros produtos utilizados no seu servizo, agás o viño.
CA2.4.1 Identifícanse as principais características organolépticas coas aplicacións habituais de augardentes e destilados simples utilizados no seu servizo.
CA2.5 Utilízase o material de servizo axeitado para a preparación e o servizo de bebidas alcohólicas, agás o viño.
CA2.5.1 Utilízase o material de servizo axeitado para a preparación e o servizo de bebidas destiladas.
CA2.6 Respectouse a colocación das bebidas por grupos homoxéneos para o servizo.
CA2.6.1 Respectouse a colocación dos destilados por grupos homoxéneos para o servizo.
CA2.7 Recolleuse o material utilizado de xeito ordenado e limpo.
CA2.8 Realizáronse as operacións, tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
CA2.8.1 Realizáronse as operacións de preparación e servizo de bebidas alcohólicas, tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.2.e) Contidos

Contidos
Augardentes e licores: caracterización dos procesos habituais de elaboración.
Normas operativas do establecemento.
Aplicación da secuencia lóxica de servizo.
Presentación comercial. Identificación e principais características organolépticas de destilados, licores, aperitivos e cervexas.

Contidos

Clasificación das bebidas por afinidade.

Normas básicas de preparación.

Procedementos de execución do servizo de cada tipo de bebidas, control e valoración de resultados.

Óptima aplicación de técnicas de servizo, con criterios de elegancia, limpeza e orde.

Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.

Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental, no proceso de preparación e servizo de bebidas alcohólicas .

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Licores	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Serve bebidas alcohólicas, agás o viño, e identifica as súas características e a súa presentación.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizáronse e clasificáronse as bebidas alcohólicas fermentadas, as fermentadas-destiladas e as derivadas, agás o viño.
CA2.1.2 Caracterizáronse e clasificáronse os licores, cremas e bebidas non alcohólicas de uso complementario.
CA2.2 Relaciónáronse as bebidas coa súa procedencia, as materias primas e o proceso de elaboración.
CA2.2.2 Relaciónáronse os licores, cremas e bebidas non alcohólicas de uso complementario coa súa procedencia, as materias primas e o proceso de elaboración.
CA2.3 Descríbense os procesos de elaboración de bebidas alcohólicas, agás o viño, e identifícanse as súas marcas máis usuais, a súa presentación e as súas características comerciais.
CA2.3.2 Descríbense os procesos de elaboración dos licores, cremas e bebidas non alcohólicas de uso complementario, e identifícanse as súas marcas máis usuais, a súa presentación e as súas características comerciais.
CA2.4 Identifícanse as principais características organolépticas coas aplicacións habituais de bebidas alcohólicas simples e outros produtos utilizados no seu servizo, agás o viño.
CA2.4.2 Identifícanse as principais características organolépticas coas aplicacións habituais de licores, cremas e xarabes utilizados no seu servizo
CA2.5 Utilízase o material de servizo axeitado para a preparación e o servizo de bebidas alcohólicas, agás o viño.
CA2.5.2 Utilízase o material de servizo axeitado para a preparación e o servizo de licores e cremas.
CA2.6 Respectouse a colocación das bebidas por grupos homoxéneos para o servizo.
CA2.6.2 Respectouse a colocación das bebidas non destiladas por grupos homoxéneos para o servizo.

4.3.e) Contidos

Contidos
Augardentes e licores: caracterización dos procesos habituais de elaboración.
Aplicación da secuencia lóxica de servizo.
Presentación comercial. Identificación e principais características organolépticas de destilados, licores, aperitivos e cervexas.
Clasificación das bebidas por afinidade.
Normas básicas de preparación.
Procedementos de execución do servizo de cada tipo de bebidas, control e valoración de resultados.
Óptima aplicación de técnicas de servizo, con criterios de elegancia, limpeza e orde.

Contidos

Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.

Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental, no proceso de preparación e servizo de bebidas alcohólicas .

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboracións de cócteles e combinacións alcohólicas	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora cócteles e combinacións alcohólicas tendo en conta a relación entre a súa formulación e as súas características.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase o material e os utensilios asociados á coctelaría, e defínense as súas características.
CA3.2 Realizáronse as funcións de posta a punto da estación central para a elaboración de cócteles.
CA3.3 Identifícanse os xéneros utilizados na decoración de cócteles.
CA3.4 Identifícanse as características das familias de cócteles.
CA3.5 Recoñécense os principais cócteles internacionais.
CA3.6 Manéxanse con elegancia os utensilios para a elaboración de cócteles.
CA3.7 Elaboráronse cócteles respectando a súa formulación e utilizando adecuadamente os utensilios necesarios.
CA3.8 Créanse cócteles de elaboración propia.
CA3.9 Aplícanse as técnicas de decoración e acabado de cócteles.
CA3.10 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
0 CA3.10.1 Realizáronse as operacións elaboración, presentación e servizo de cocteles, tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.4.e) Contidos

Contidos
Cócteles: clasificación, medidas e fórmulas de cálculo.
Procedementos de preparación, decoración, presentación e servizo de cócteles e doutras combinacións.
Óptima aplicación de técnicas de elaboración e servizo, con criterios de elegancia, limpeza e orde.
Deseño dunha oferta básica de cócteles e combinados de bebidas alcohólicas e non alcohólicas.
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental no proceso de elaboración, presentación e servizo de cocteles.
Materiais e útiles de uso específico en coctelaría.
Preservizo en coctelaría: montaxe e posta a punto da estación central e das subestacións.
Cálculo das cantidades de cada ingrediente para utilizar segundo o número de tomas.

Contidos

Identificación dos cócteles internacionais, segundo o momento do día máis acaído para o seu consumo e o tipo de evento ou de servizo.

Identificación das características das series de coctelaría e dos principais cócteles internacionais.

Análise das mesturas de bebidas alcohólicas e non alcohólicas por contraste ou afinidade, para deducir novas fórmulas de bebidas combinadas.

Normas básicas para a elaboración de cócteles. Cócteles de autor e avaliación de resultados finais.

Elementos habituais para a decoración e a presentación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A plancha	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora pratos e aperitivos propios do bar e da cafetería, e reconece e aplica as técnicas culinarias.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.2 Caracterizáronse as técnicas de cociña asociadas a este tipo de elaboracións.
CA4.2.1 Caracterizáronse as técnicas de preparación asociadas as elaboracións sinxelas na plancha de cafetería.
CA4.3 Realizouse o abastecemento de materias primas para a elaboración de pratos e aperitivos.
CA4.3.1 Realizouse o abastecemento de materias primas para a realizar elaboracións sinxelas de plancha.
CA4.4 Preparouse a maquinaria e os útiles para realizar as elaboracións.
CA4.4.1 Preparouse a plancha e os útiles para realizar as elaboracións.
CA4.6 Executáronse as tarefas de obtención das elaboracións culinarias seguindo os procedementos establecidos.
CA4.6.1 Executáronse as tarefas de obtención das elaboracións sinxelas de plancha, seguindo os procedementos establecidos.
CA4.8 Presentáronse as elaboracións seguindo criterios estéticos.
CA4.8.1 Presentáronse as elaboracións sinxelas de plancha, seguindo criterios estéticos.
CA4.10 Realizáronse as operacións de servizo de ofertas gastronómicas (pratos combinados, bocadillos, aperitivos, etc.).
CA4.10.1 Realizáronse as operacións de servizo de ofertas gastronómicas sinxelas (sandwiches, tortitas, bocadillos, etc.).

4.5.e) Contidos

Contidos
Maquinaria, batería, ferramentas e útiles específicos nas áreas de preparación de alimentos en bar e cafetería.
Acabamento e presentación das elaboracións sinxelas con criterios estéticos, de acordo coa tipoloxía de establecemento.
Realización do servizo de ofertas gastronómicas (pratos combinados, bocadillos, aperitivos, etc.).
Limpeza dos utensilios e dos equipamentos utilizados no proceso: frecuencia, produtos e métodos establecidos.
Óptima aplicación de técnicas de elaboración e servizo, con criterios de elegancia, limpeza e orde.
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental na preparación, conservación de xeneros e elaboración de pratos combinados e elaboracións sinxelas a plancha

Contidos

Procedemento para crear unha oferta de pratos combinados, bocadillos, aperitivos e outras ofertas gastronómicas propias de bar e cafetería.

Materias primas de uso habitual nestas áreas.

Documentación relacionada: fichas técnicas de elaboración.

Posta a punto das áreas de preparación de alimentos no ámbito de bar e cafetería.

Elaboración de produtos culinarios propios de bar e cafetería.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Elaboración de pratos e aperitivos propios do bar e cafetería	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende a clientela no servizo de bar e cafetería tendo en conta a relación entre a demanda e os produtos que se sirvan.	NO
RA4 - Elabora pratos e aperitivos propios do bar e da cafetería, e recoñece e aplica as técnicas culinarias.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Traballouse en equipo e desenvolvéronse as tarefas seguindo os protocolos e as normas preestablecidas.
CA4.1 Definíronse as elaboracións culinarias tipo do servizo de bar e cafetería.
CA4.2 Caracterizáronse as técnicas de cociña asociadas a este tipo de elaboracións.
CA4.2.2 Caracterizáronse as técnicas de preparación asociadas as elaboracións culinarias propias do servizo de cafetería.
CA4.3 Realizouse o abastecemento de materias primas para a elaboración de pratos e aperitivos.
CA4.3.2 Realizouse o abastecemento de materias primas para a elaboración de pratos combinados, racións e aperitivos.
CA4.4 Preparouse a maquinaria e os útiles para realizar as elaboracións.
CA4.4.2 Preparouse o equipamento e os útiles para realizar as elaboracións.
CA4.5 Verificouse a dispoñibilidade de todos os elementos necesarios previamente ao desenvolvemento das tarefas.
CA4.6 Executáronse as tarefas de obtención das elaboracións culinarias seguindo os procedementos establecidos.
CA4.6.2 Executáronse as tarefas de obtención das elaboracións culinarias seguindo os procedementos establecidos.
CA4.7 Respectouse a temperatura de servizo e coordinouse a elaboración co servizo.
CA4.8 Presentáronse as elaboracións seguindo criterios estéticos.
CA4.8.2 Presentáronse as elaboracións culinarias, seguindo criterios estéticos.
CA4.9 Realizáronse as operacións de rexeneración e conservación de alimentos respectando temperaturas, e utilizando as técnicas e os recipientes apropiados.
CA4.10 Realizáronse as operacións de servizo de ofertas gastronómicas (pratos combinados, bocadillos, aperitivos, etc.).
CA4.10.2 Realizáronse as operacións de servizo de ofertas culinarias (pratos combinados, tapas e racións, aperitivos, etc.).
CA4.11 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
CA4.11.1 Realizáronse as operacións de preparación, conservación de xeneros e elaboración de pratos combinados e elaboracións sinxelas a plancha, tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.6.e) Contidos

Contidos
Organización do servizo en bar e cafetería: fases do traballo.
Maquinaria, batería, ferramentas e útiles específicos nas áreas de preparación de alimentos en bar e cafetería.
Tempos de elaboracións e temperaturas de servizo.
Realización do servizo de ofertas gastronómicas (pratos combinados, bocadillos, aperitivos, etc.).
Limpeza dos utensilios e dos equipamentos utilizados no proceso: frecuencia, produtos e métodos establecidos.
Óptima aplicación de técnicas de elaboración e servizo, con criterios de elegancia, limpeza e orde.
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental. Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental na preparación, conservación de xeneros e elaboración de pratos combinados e elaboracións sinxelas a plancha
Procedemento para crear unha oferta de pratos combinados, bocadillos, aperitivos e outras ofertas gastronómicas propias de bar e cafetería.
Materias primas de uso habitual nestas áreas.
Procedementos de conservación e rexeneración de alimentos.
Aplicación de técnicas básicas de cociña.
Documentación relacionada: fichas técnicas de elaboración.
Posta a punto das áreas de preparación de alimentos no ámbito de bar e cafetería.
Operacións de preelaboración de materias primas.
Elaboración de produtos culinarios propios de bar e cafetería.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Realización da facturación e cobramentos	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza a facturación e o cobramento dos servizos ofrecidos á clientela, e recoñece os elementos que compoñen unha factura.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse os xeitos de cobramento á clientela.
CA5.2 Caracterizáronse os procesos de facturación e cobramento nestas áreas de servizo.
CA5.3 Formalizouse a factura indicando todos os datos necesarios.
CA5.4 Realizouse o cobramento da factura utilizando diversos xeitos de pagamento.
CA5.5 Relacionouse a facturación cos sistemas de xestión integrada.
CA5.6 Verificouse a coincidencia entre o facturado e o servido.
CA5.7 Realizáronse correctamente as operacións de devolución e cambio de diñeiro.
CA5.8 Realizáronse as operacións de pechamento e arqueo de caixa seguindo os procedementos establecidos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Procesos de facturación.
Sistemas de cobramento.
Procedementos de facturación e cobramento.
Soportes físicos e formalización.
Liquidación diaria, concordancia, desagregacións e interpretación de datos.
Pechamentos de caixa.
Aplicacións informáticas relacionadas.
Desviacións e anomalías.
Arqueo e liquidación de caixa, pagamentos e depósitos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Os mínimos esixibles son os establecidos como tales na presente programación:

UD01: CA1.2, CA1.4, CA1.7, CA1.8, CA1.9

UD02: CA2.2.1, CA2.3.1, CA2.4.1, CA2.5.1, CA2.8.1,

UD03: CA2.2.2, CA2.3.2, CA2.4.2, CA2.5.2

UD04: CA3.1, CA3.2, CA3.5, CA3.7, CA3.8, CA3.9, CA3.10.1

UD05: CA4.4.1, CA4.6.1, CA4.8.1, CA4.10.1

UD06: CA1.6, CA4.4.2, CA4.5, CA4.6.2, CA4.9, CA4.10.2, CA4.11.1

UD07: CA5.1, CA5.2, CA5.3, CA5.5, CA5.6

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua, sumativa, e para a avaliación teranse en conta instrumentos de avaliación, donde os desempeños por medio de taboas de observación terán un peso do 60 % da nota final, e os coñecementos mediante probas escritas terán un peso do 40 % da nota final.

Seleccionando para cada caso os instrumentos idóneos:

- Desempeños: Teranse en conta as actividades propostas inicialmente e o resultado final, seguindo todo o proceso de execución das mesmas, con unha proba practica ao final de cada trimestre e avaliación.

Para as probas prácticas será imprescindible asistir ás mesmas cumprindo estritamente as normas deontolóxicas explicadas polo docente, sobre seguridade e hixiene.

De non cumprirse unha soa destes normas deontolóxicas (dous bolígrafos, tirarrollas, chisqueiro, zapatos negros perfectamente limpos, calcetíns negros ata a canela, pantalón negro perfectamente limpo e perfectamente pranchado, mandil, perfectamente limpo e perfectamente pranchado, camisa perfectamente limpa e perfectamente pranchada, chaleco e garabata en perfecto estado, o alumno perfectamente afeitado, perfectamente peiteado e co pelo recollido, a alumna perfectamente peiteada e con pelo recollido, as uñas limpas e perfectamente cortadas, as mans perfectamente limpas e sen feridas ou cortes, non se poderán levar pearcings), o alumno ou alumna non poderá asistir a realización de ditas probas.

Do mesmo xeito, o alumno ou alumna que chegue dez minutos tarde a hora de inicio das probas prácticas, non poderá facer as mesmas, non interrompendo deste xeito, as probas aos seus compañeiros/as, nin o desenrolo das mesmas.

Suporán un 60% da cualificación do módulo.

Neste apartado valórase con especial importancia o seguimento das Normas de Seguridade e Hixiene no Traballo APPCC, (20%)

Suporán un 60% da cualificación final do módulo.

- Coñecementos: Teranse en conta os coñecementos do alumno con respecto ó temario, que demostrará en probas escritas tanto de desenvolvemento como de tipo test.

Suporán un 40% da cualificación final do módulo.

Os porcentaxes por avaliación serán os mesmos en todas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de non acadar unha avaliación positiva do modulo, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

Durante o período ordinario, para a recuperación de cada avaliación non superada, programaranse actividades e traballos dirixidos que permitan ao alumno/a adquirir as capacidades non acadadas e cumprir cos mínimos esixidos. No seu caso o alumnado deberá presentar os traballos correspondentes non presentados no momento.

Estas actividades e traballos organizaranse de forma personalizada, a súa descrición, obxectivos e instrucións para o seu desenvolvemento facilitaráselle ao alumno/a xunto co informe individualizado de avaliación correspondente do procedemento de Avaliación .

O alumnado que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que será avaliado.

As probas de recuperación consistirán nunha proba escrita que deberá superar cun cinco como mínimo, que igualmente, deberá superar unha proba práctica cun cinco como mínimo, para acadar a calificación positiva do módulo. En ambos casos estas probas estarán supeditadas aos CAs establecidos como mínimos, que non fosen superados e que figuren no informe individualizado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para a perda de avaliación continua teranse en conta tanto as faltas xustificadas como as non xustificadas. Ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial: "O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas."

A comunicación por escrito do apercibimento e da situación de perda de avaliación continua levarase a cabo polo titor/a, unha vez superados os límites indicados no punto anterior. Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

Será obrigatorio apercibilalo previamente tal e como se contempla na normativa vixente. Cando supere o número de faltas sen xustificar correspondente a:

Comunicación de apercibimento 6%.

Perda do dereito á avaliación continua 10%.

Estes alumnos ou alumnas non perden en ningún momento o seu dereito de asistencia a clase, aínda que o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, ao resto do grupo ou as instalacións. O alumnado que perda o dereito á avaliación continua poderá asistir á clase, reservándose o profesorado a súa participación naquelas actividades que poidan implicar algún risco para si mesmos, para o resto do grupo ou para as instalacións e equipamentos.

Será de aplicación a RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20. En cuxa Disposición Cuarta di:

"3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita

proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente."

Polo que no suposto de perda do dereito á avaliación continua, o alumnado terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á realización da FCT

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACION

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e entregarase unha memoria final de curso. O seguimento realizarase na plataforma

AVALIACIÓN DA PROPIA PRACTICA DOCENTE

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios ao alumnado nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Asimismo analizaranse os resultados obtidos nas distintas probas para valorar o grado de consecución dos obxectivos e adoptaranse medidas pedagoxicas que permitan acadar as capacidades e competencias profesionais establecidas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente Orde de avaliación do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente."

A avaliación inicial permitirá identificar algúns aspectos relacionados coa motivación do alumno, a actitude coa que se enfronta ao proceso de ensinanza

aprendizaxe, e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregaranse:

Cuestionario inicial con indicadores sobre: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, experiencia laboral, expectativas sobre o módulo.

Asimismo se racabará información sobre, aspectos relacionados coa saúde, ámbito social, e/ou circunstancias persoais que se considere poidan afectar ao seu rendemento.

Finalmente se observará a súa interacción dentro do grupo e durante as primeiras semanas de actividade do módulo, ao fin de identificar necesidades educativas ou de outra índole, que permitan acadar a competencia profesional.

Para este módulo pasarase durante a primeira quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (tipo test é de resposta sinxela sobre vocabulario específico, servizo, elaboracións de cafetería) co obxectivo de concretar o nivel de coñecementos se atopa o grupo con relación ao módulo, que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un

aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte.

- Repetición de actividades.
- Realización de resumos de cada Unidade Didáctica.
- Realización de traballos extra, que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
- Utilización das novas tecnoloxías para realizar unha mellor exposición dos temas.
- Mesturar estes alumnos cos que teñan Altas capacidades intelectuais.

Contarase colaboración e asesoramento do Departamento de orientación do centro.

Por outro lado, para o alumnado que presente altas capacidades intelectuais:

- Investigación na rede de preguntas feitas polo profesor co obxectivo de ampliar, actualizar e personalizar as súas inquedanzas.
- Resolución de exercicios de dificultade alta que incentiven as súas capacidades intelectuais.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Un profesional da rama de hostalería debe ser tamén unha persoa socialmente madura que participa na construción da súa comunidade, un cidadán protagonista no discurso pola paz e a non violencia, a tolerancia, o respecto á diversidade, a sensibilización medioambiental, a vida saudable, o consumo intelixente, así como, un cidadán formado no civismo imprescindible para a convivencia democrática.

O traballo interdisciplinario pódese desenrolar en cada recuncho e en cada momento e, por iso, o tratamento que se darán os contidos transversais será a integración no módulo. Tamén seremos sensibles a un conxunto de conmemoracións que nos permitiran reforzar a atención e favorecerá a sensibilización de toda a comunidade educativa ós mencionados contidos.

En conxunto ou por separado trátanse os seguintes temas transversais:

- Educación para o consumo responsable.
- Educación para a saúde, tendo en conta a alimentación como factor de saúde.
- Educación medio ambiental, mostrando interese e respecto polo medio ambiente.
- Educación en valores, tendo presente valores humanos e de convivencia.
- Educación para a igualdade, respectando as persoas dende a igualdade.
- Educación para a cooperación, aprendendo a cooperar cos demais.
- Educación para a convivencia e integración social, aprendendo a integrarse e convivir.
- Educación para a interculturalidade, estando aberto a outras costumes e formas de vivir.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Debido a situación sanitaria pola COVID-19, inicialmente se realizarán actividades complementarias de forma telemática, con conexións con empresas do sector como Estrella Galicia, Monin, Cafés Veracruz, Vanagandr, etc pero en canto as autoridades sanitarias permitan aos centros a súa apertura a recibir ponentes ou colaboradores externos, levaranse a cabo as seguintes:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

- Xornadas técnicas a cargo de profesionais do sector .
- Presentación de produtos e/ou equipamentos.
- Ponencias e charlas especializadas.
- Charlas informativas a cargo de ex-alumnos, e outros membros da comunidade educativa.

E tamén outras dentro ou fora do centro como resultado da colaboración do CIFP, con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Posibilidade de organizar visita a empresas do sector ou relacionadas cos produtos comercializadas polo mesmo.

Asistencia a exposicións , salóns e feiras comerciais relacionadas co sector.

Asistir a certames e concursos promovidos polos centros educativos e CIFP da nosa comunidade autónoma, como: Fase rexional do Spain-Skills (Olimpiadas da FP), concurso de Baristas en Foz, concurso de tiraxe de cervexa en Coruña, etc.

As actividades complementarias, cando o implique a súa propia natureza, consideraranse extraescolares.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CMHOT02	Servizos en restauración	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0153	Servizos en restaurante e eventos especiais	2021/2022	9	210	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	GONZALO PÉREZ SAAVEDRA
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación realízase para o módulo de "Servizos restaurante e eventos especiais" pertencente ao segundo curso de "Técnico en Servizos de Restauración". Para a realización da mesma resulta necesario tomar como referencia o currículo que se establece a partir do Decreto 58/2010, do 18 de marzo.

O módulo de S.R.E.E. contén a formación necesaria para o desempeño de actividades relacionadas coas funcións de produción, servizos e atención a clientela, e algunhas subfuncións relacionadas coa calidade e a administración no ámbito dos servizos en mesa e especiais.

Ademais o módulo de S.R.E.E. está asociado as unidades de competencia:

UC1053_2: elaborar e acabar pratos á vista da clientela.

UC1054_2: dispor de calquera tipo de servizos especiais en restauración

da cualificación HOT328_2 do Catálogo Nacional de Cualificacións.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), g), h) e i) do ciclo formativo, e as competencias a), c) d), e), f), g), h), i), j) e k).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar as competencias do módulo han versar sobre:

- Caracterización dos protocolos de actuación ante a clientela e adecuación do servizo ás expectativas e ás necesidades demandadas por ela.
- Aplicación de diversas técnicas e procedementos de servizo en mesa adecuadas aos seus ámbitos de execución.
- Realización de procedementos de manipulación de produtos e elaboracións culinarias a vista da clientela.

O posto de traballo que ocupan os alumnos unha vez superado o ciclo, en relación co módulo de S.R.E.E., é o de camareiro/a de bar e cafetería ou restaurante e o de xefe de rango e polo tanto a súa aprendizaxe a enfocarei á adquisición de coñecementos e habilidades que lles permitan realizar con autonomía funcións de tratamento e consideración á clientela durante o acollemento, a estadia e a despedida nestas áreas de servizo, así como o tratamento de queixas e reclamacións; preparación, presentación e servizo de pratos e produtos culinarios á vista da clientela; e servizo de elaboracións culinarias de diversos tipos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Organigramas e funcións do persoal de servizo.	Nesta actividade aprenderanse a identificar as funcións e a organización do persoal de servizos.	12	2
2	Servizo de menú e carta.	Nesta actividade aprenderanse os procedementos de servizo en servizos de menú e carta, así como a empregar as técnicas de servizo de alimentos e bebidas na área de restaurante.	50	42
3	Servizo de eventos especiais.	Nesta actividade aprenderanse os procedementos de servizo en eventos especiais, así como a empregar as técnicas de servizo de alimentos e bebidas nos distintos tipos de eventos.	50	12
4	Servizos especiais.	Nesta actividade aprenderase a identificar o material específico para o pelado, trinchado, racionado e desespiñado dos xéneros correspondentes. Tamén se aprenderán as técnicas empregadas neste tipo de servizos.	48	24
5	Elaboración de pratos á vista do cliente.	Nesta actividade aprenderase a identificar o material específico para a elaboración de pratos a vista do cliente. Tamén se aprenderán a empregar as técnicas empregadas, así como, a identificar a materias primas necesarias para elaboracións típicas de restaurante.	50	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Organigramas e funcións do persoal de servizo.	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende a clientela no servizo de restaurante e eventos especiais, tendo en conta a relación entre a demanda e os produtos que se sirvan.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as principais funcións do persoal de servizo en sala.
CA1.1.1 Identifícaronse as estruturas organizativas en cada tipo de establecemento ou evento.
CA1.1.2 Identifícaronse as principais funcións do persoal de servizo en sala.
CA1.13 Identifícaronse a deontoloxía profesional do persoal de servizos de restauración.

4.1.e) Contidos

Contidos
Identificación das principais funcións e competencias do persoal de servizo en sala.
Persoal profesional da restauración: uniformidade, hixiene persoal, aptitudes e actitudes. Traballo en equipo. Quendas e fases do traballo no restaurante.
Traballo en equipo: brigadas de traballo e funcións de cada membro.
Análise do traballo en equipo, e valoración da importancia e da repercusión no servizo á clientela.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Servizo de menú e carta.	50

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende a clientela no servizo de restaurante e eventos especiais, tendo en conta a relación entre a demanda e os produtos que se sirvan.	NO
RA2 - Serve elaboracións culinarias de diversos tipos, para o que recoñece e aplica as técnicas de servizo e de protocolo.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícouse o vocabulario básico da atención á clientela no servizo en sala.
CA1.3 Acolleuse a clientela á súa chegada ao establecemento ou ao evento, aplicando o protocolo.
CA1.3.1 Acolleuse a clientela á súa chegada ao establecemento, aplicando o protocolo.
CA1.4 Relacionáronse os produtos e os servizos do establecemento ou do evento coas peticións e as necesidades de cada tipo de cliente.
CA1.4.1 Relacionáronse os produtos e os servizos do establecemento coas peticións e as necesidades de cada tipo de cliente.
CA1.5 Identifícaronse demandas implícitas da clientela en relación coas técnicas de venda, suxeríronse produtos propios do establecemento e, en caso necesario, explicáronse as súas características básicas.
CA1.6 Adecuouse a resposta e o servizo ás demandas da clientela, de xeito que se cubran as súas expectativas.
CA1.7 Acompañáronse as persoas ata a súa mesa e acomodáronse con axilidade e cortesía.
CA1.8 Presentáronse os tipos de oferta seguindo as normas básicas de protocolo.
CA1.9 Utilizáronse as novas tecnoloxías na toma de comandas.
CA1.10 Confeccionáronse as comandas cos datos escritos de xeito correcto e lexible.
CA1.11 Despediuse a clientela á súa saída do establecemento ou do evento, aplicando o protocolo correspondente.
CA1.11.1 Despediuse a clientela á súa saída do establecemento, aplicando o protocolo correspondente.
CA1.12 Xerarquizaronse queixas, reclamacións e suxestións en función da súa importancia, solucionáronse con prontitude e procuráronse alternativas.
CA2.1 Identifícouse a tipoloxía de servizos en restaurante e en eventos especiais.
CA2.1.1 Identifícouse a tipoloxía de servizos en restaurante.
CA2.2 Relacionáronse os tipos de oferta gastronómica co servizo que se desenvolva.
CA2.3 Caracterizáronse os condicionantes para o servizo en restaurante, en eventos, etc., incluíndo o servizo de habitacións nas áreas de aloxamento.
CA2.3.1 Caracterizáronse os condicionantes para o servizo en restaurante.

Criterios de avaliación
CA2.6 Identifícase a documentación previa asociada ás operacións de servizo en restaurante, eventos especiais, etc.
CA2.6.1 Identifícase a documentación previa asociada ás operacións de servizo en restaurante.
CA2.7 Desenvolveuse o servizo respectando a súa propia dinámica e os condicionantes.
CA2.8 Realizáronse os procesos de facturación e cobramento de servizos, segundo instrucións e normas establecidas.
CA2.9 Xerarquizaráronse as queixas, reclamacións e suxestións en función da súa importancia, solucionáronse con prontitude e procuráronse alternativas.
CA2.10 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>0Aplicación xustificada dos tipos e das variantes de comanda segundo o servizo.</p> <p>Resolución de problemas ocasionados por medios técnicos e humanos, e pola incorrecta transmisión de mensaxes.</p> <p>Suxestións, queixas e reclamacións: especificidades das reclamacións en establecementos de restauración.</p> <p>Procedementos de acollemento, estadía e despedida da clientela en mesa e en servizos especiais.</p> <p style="color: red;">Procedementos de acollemento, estadía e despedida da clientela en mesa.</p> <p>Identificación das normas de protocolo, de conduta e de imaxe persoal nos procesos de servizo en salas de restauración.</p> <p>Aplicación das técnicas de comunicación e venda en salas de restauración.</p> <p>Información gastronómica: terminoloxía e tendencias na restauración da cociña galega, española e internacional.</p> <p>Construción de argumentos clave de información sobre ofertas gastronómicas, atendendo as peticións e as necesidades de cada tipo de cliente, e os obxectivos empresariais.</p> <p>Presentación de cartas e minutas.</p> <p style="color: red;">Presentación de cartas.</p> <p>Comandas: tipos e variantes. Novas tecnoloxías asociadas a estes procesos.</p> <p>Análise das actividades de servizo segundo a fórmula de restauración e a modalidade de servizo.</p> <p>Proceso de facturación segundo a tipoloxía do restaurante. Ciclo de control económico do departamento: obxectivos, áreas implicadas, estruturación de etapas e variantes no proceso.</p> <p>Estruturación das etapas de control no restaurante, e relación cos demais departamentos implicados no servizo de alimentos e bebidas.</p> <p>Sistemas de facturación e cobramento (ao contado e con crédito) en función da tipoloxía da clientela e do restaurante (clientela de hotel e de paso). Diario de produción. Resumo diario de facturación e arqueo de caixa.</p> <p>Técnicas de servizo en almozos, xantares e ceas en salas de restauración e servizos especiais. Servizo en habitacións.</p> <p>0Diferenciación do proceso administrativo de cada sistema de cobramento.</p> <p style="color: red;">Técnicas de servizo en almozos, xantares e ceas en salas de restauración.</p> <p>Aplicación de procesos xerais de control e avaliación dos resultados, segundo a tipoloxía do restaurante e variantes de facturación.</p> <p>Protocolos de queixas e reclamacións. Compromiso de calidade.</p> <p>Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.</p> <p>Normas de protocolo no servizo de mesa, e en eventos especiais e de habitacións nas áreas de aloxamento.</p>

Contidos

Normas de protocolo no servizo de mesa.

Aplicación das normas de protocolo, de conduta e de imaxe persoal nos procesos de servizo en salas de restauración e eventos especiais, e de habitacións nas áreas de aloxamento.

Aplicación das normas de protocolo, de conduta e de imaxe persoal nos procesos de servizo en salas de restauración.

Servizo en restaurante.

Execución dos procedementos de servizo en mesa: desenvolvemento, control e valoración de resultados.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Servizo de eventos especiais.	50

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende a clientela no servizo de restaurante e eventos especiais, tendo en conta a relación entre a demanda e os produtos que se sirvan.	NO
RA2 - Serve elaboracións culinarias de diversos tipos, para o que recoñece e aplica as técnicas de servizo e de protocolo.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Acolleuse a clientela á súa chegada ao establecemento ou ao evento, aplicando o protocolo.
CA1.3.2 Acolleuse a clientela á súa chegada ao evento, aplicando o protocolo.
CA1.4 Relacionáronse os produtos e os servizos do establecemento ou do evento coas peticións e as necesidades de cada tipo de cliente.
CA1.4.2 Relacionáronse os produtos e os servizos do evento coas peticións e as necesidades de cada tipo de cliente.
CA1.11 Despediuse a clientela á súa saída do establecemento ou do evento, aplicando o protocolo correspondente.
CA1.11.2 Despediuse a clientela á súa saída do evento, aplicando o protocolo correspondente.
CA2.1 Identificouse a tipoloxía de servizos en restaurante e en eventos especiais.
CA2.1.2 Identificouse a tipoloxía de servizos en eventos especiais.
CA2.3 Caracterizáronse os condicionantes para o servizo en restaurante, en eventos, etc., incluíndo o servizo de habitacións nas áreas de aloxamento.
CA2.3.2 Caracterizáronse os condicionantes para o servizo en eventos.
CA2.4 Describiuse a moblaxe e os útiles propios dos servizos especiais, así como as súas aplicacións.
CA2.5 Recoñecéronse as normas de protocolo aplicables a cada servizo especial.
CA2.6 Identificouse a documentación previa asociada ás operacións de servizo en restaurante, eventos especiais, etc.
CA2.6.2 Identificouse a documentación previa asociada ás operacións de servizo en eventos especiais.

4.3.e) Contidos

Contidos
Procedementos de acollemento, estadia e despedida da clientela en mesa e en servizos especiais.
Procedementos de acollemento, estadia e despedida da clientela en servizos especiais.
Presentación de cartas e minutas.
Presentación de minutas.

Contidos

Planificación da montaxe e posta a punto para o servizo de bufés, banquetes, autoservizos e análogos.

Montaxe de estruturas de bufés, banquetes, autoservizos e análogos.

Decoración para a zona de exposición de alimentos e bebidas, en estruturas de bufés, banquetes, autoservizos e análogos.

Técnicas de servizo de bufés, banquetes, autoservizos e análogos aplicables a diferentes ofertas gastronómicas.

Servizo de catering: concepto, clasificación, instalacións, equipamentos, medios de transporte e ofertas gastronómicas.

Planificación organizativa e de montaxe dun servizo de catering, tendo en conta: moblaxe e equipamentos dispoñibles, modalidade de servizo, espazos dispoñibles, aspectos operacionais, lugar de realización, limitacións produtivas, equipo humano, tipo de evento.

Aplicación das operacións de preservizo, servizo e postservizo de mesa e eventos especiais, segundo a modalidade e a oferta gastronómica.

Técnicas de servizo en almozos, xantares e ceas en salas de restauración e servizos especiais. Servizo en habitacións.

Técnicas de servizo en almozos, xantares e ceas en servizos especiais.

Execución das operacións de preservizo, servizo e postservizo de servizos especiais.

Normas de protocolo no servizo de mesa, e en eventos especiais e de habitacións nas áreas de aloxamento.

Normas de protocolo no servizo en eventos especiais.

Aplicación das normas de protocolo, de conduta e de imaxe persoal nos procesos de servizo en salas de restauración e eventos especiais, e de habitacións nas áreas de aloxamento.

Aplicación das normas de protocolo, de conduta e de imaxe persoal nos procesos de servizo en eventos especiais.

Servizos especiais de bufés, banquetes, autoservizos e análogos: caracterización, estruturas e instalacións necesarias.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Servizos especiais.	48

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o trinchamento, o racionamento e o desespiñamento de produtos e elaboracións culinarias aplicando as técnicas asociadas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse e caracterízanse as materias primas e as elaboracións culinarias usuais na aplicación deste tipo de técnicas de servizo.
CA3.2 Identifícanse e clasifícanse os útiles e as ferramentas para o servizo de produtos pelados, trinchados, desespiñados e racionados.
CA3.3 Dispúxose e comprobouse a posta a punto de todo o necesario para o desenvolvemento da actividade.
CA3.4 Relacionáronse as materias primas e os produtos culinarios coas técnicas apropiadas, en función das súas características, as presentacións, a anatomía e outros condicionantes.
CA3.5 Desenvolvéronse nun tempo adecuado e na forma establecida os procesos de peladura, trinchamento, desespiñamento e racionamento.
CA3.6 Realizouse o servizo das elaboracións seguindo os parámetros establecidos.
CA3.7 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.4.e) Contidos

Contidos
Ferramentas e útiles específicos ou habituais nos procesos de manipulación, peladura, desespiñamento, trinchamento e empratamento, de calquera clase de alimentos diante da clientela.
Operacións de posta a punto dos materiais e do espazo ante comensais. Localización e limpeza de ferramentas e útiles.
Produtos culinarios e materias primas relacionadas. Mollos, gornicións e complementos que acompañan os pratos: cantidades que corresponden ás racións, e temperaturas de mantemento, de servizo e de presentación.
Técnicas de trinchamento, desespiñamento, peladura, racionamento e empratamento: execución de procedementos con carnes, aves, peixes, mariscos, sobremesas, froitas, queixos e outros alimentos.
Execución dos procesos de peladura, desespiñamento, trinchamento, racionamento e empratamento de calquera clase de alimentos diante da clientela, de acordo coa definición do produto e as normas básicas da súa manipulación.
Execución do servizo das elaboracións seguindo os parámetros establecidos no manexo de equipamentos, con criterios de elegancia, destreza, tempo, limpeza e orde.
Protocolos de queixas e reclamacións. Compromiso de calidade.
Aplicación da normativa hixiénico-sanitaria canto ás normas, a uniformidade, a hixiene persoal e a seguridade laboral no traballo, así como a de manipulación de alimentos e a de protección ambiental.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Elaboración de pratos á vista do cliente.	50

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora pratos á vista da clientela aplicando as técnicas culinarias e de servizo relacionadas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñécéronse os elementos da oferta gastronómica máis adecuada para a súa elaboración á vista da clientela.
CA4.2 Caracterizáronse as principais técnicas culinarias e de servizo empregadas na elaboración de pratos ante a clientela.
CA4.3 Recoñécéronse os materiais, a maquinaria e os útiles aplicables para a elaboración de pratos á vista da clientela.
CA4.4 Determinouse o emprazamento de elaboración dos pratos.
CA4.5 Realizouse a posta a punto do material necesario para a actividade.
CA4.6 Identificáronse as ordes de servizo a partir da documentación.
CA4.7 Respectáronse tempos, coccións e temperaturas na realización de elaboracións á vista da clientela.
CA4.8 Realizáronse con orde e limpeza as técnicas de elaboración e servizo, e recolleuse á finalización da tarefa.
CA4.9 Suxeríronselle á clientela alternativas de elaboración, no caso de as haber.
CA4.10 Valoráronse as posibilidades decorativas da presentación de pratos e fontes, e procurouse o equilibrio estético.
CA4.11 Tívoise en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental na realización das operacións.

4.5.e) Contidos

Contidos
Maquinaria, ferramentas e útiles específicos para a elaboración de pratos á vista da clientela.
Operacións de posta a punto. Colocación de materiais e adecuación de espazos. Provisión de alimentos, bebidas, gornicións, etc.
Técnicas na elaboración de pratos á vista da clientela. Fichas técnicas de elaboración. Presentación e empratamento: temperaturas, tempos e cantidades. Orde e limpeza.
Elaboración de pratos na sala á vista da clientela, tendo en conta a manipulación e o tratamento de alimentos en cru, as técnicas de cocción establecidas, os gustos e as preferencias da clientela, e as fichas técnicas de elaboración ou procedemento que as
Aplicación das medidas de prevención consonte a normativa hixiénico-sanitaria (manipulación de alimentos, uniformidade e hixiene persoal), de seguridade laboral e de protección ambiental.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Para acadar a avaliación positiva deberase obter unha puntuación de 5 puntos como resultado da suma das porcentaxes das unidades didácticas. A nota de cada unidade didáctica será o resultado da suma das porcentaxes dos instrumentos de avaliación empregados. A nota da 1ª avaliación será a media das notas das UD's avaliadas totalmente. A nota da 2ª avaliación será a nota proporcional asignada a cada UD.

Os mínimos exigibles por unidades didácticas serán os seguintes:

U.D.1: CA1.1.1; CA1.1.2

U.D.2: CA1.10; CA2.2; CA2.7

U.D.3: CA1.3.2; CA1.11.2; CA2.1.2

U.D.4: CA3.3; CA3.4; CA3.7

U.D.5: CA4.3; CA4.5; CA4.7; CA4.11

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Na avaliación das aprendizaxe terase en conta, ademais dos resultados das probas escritas, a realización das tarefas propostas, o progreso do alumnado na súa aprendizaxe, así como, a participación na aula.

O criterio xeral empregado para a cualificación en cada unha das avaliación será o seguinte:

-Os desempeños, que se avalían por observación directa, é dicir, no momento no que o alumnado realiza as accións, e por escrito, avaliando os documentos que o alumnado produce como resultado da execución dos procedementos.

1_ A observación directa realízase sobre diferentes subCAs (indicadores) dos que se compón o CA que se avalía, mediante táboas de observación do tipo lista de comprobación. Cada táboa de observación valorarase de 0 a 10 puntos, nunha escala (si/non) sobre de 10 items.

2_ Os documentos que produce o alumnado avalíanse mediante unha serie de indicadores de propiedades correctas do documento. Cada documento valórase de 0 a 10 puntos, nunha escala (si/non) sobre 10 items.

Os desempeños sen avaliar, ben sexa pola falta de asistencia sen xustificar, ou no caso dos documentos, pola falta de entrega dos mesmos, terán unha cualificación no instrumento correspondente de 1 punto.

U.D.2: T.O. 60%

U.D.3: T.O. 50%

U.D.4: T.O. 60%

U.D.5: T.O. 70%

-Os coñecementos, que se avalían por escrito. Estas probas realízanse antes de cada avaliación. Cada proba escrita constará de varias preguntas, indicando en cada proba o valor das mesmas, sendo a nota de 0 a 10 puntos.

U.D.1: P.E. 100%

U.D.2: P.E. 40%

U.D.3: P.E. 50%

U.D.4: P.E. 40%

U.D.5: P.E. 40%

Realizaranse dúas avaliacións parciais nas datas que fixe o centro.

A avaliación realízase ao longo de todo o proceso formativo do alumno ou da alumna, polo que ten un carácter continuo, sen esquecer que a cualificación final do módulo obterase do resultado de aplicar as porcentaxes asignadas a cada U.D.

Porcentaxe da cualificación das UD's:

U.D.1 2%

U.D.2 42%

U.D.3 12%

U.D.4 24%

U.D.5 20%

A cualificación final debe expresarse en números enteiros, polo tanto cando os decimais sexan iguais ou superiores a 0,5 a cualificación farase a alza e a baixa en caso contrario.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación serán para aqueles/as que non acaden os resultados de aprendizaxe contemplados nos contidos mínimos. Segundo o resultado da avaliación, para aqueles alumnos que amosen algunha dificultade na asimilación de contidos, e segundo as observacións no día a día faráselles, se se cree convinte, unha adaptación intentando que acaden as capacidades previstas. O alumno, para superar o módulo deberá aprobar cada unha das unidades didácticas, en caso contrario deberá recuperar as unidades correspondentes mediante a superación dunha proba escrita, se os fallos son conceptuais, sendo necesario repetir determinados exercicios na aula taller, se a deficiencia mostrada polo alumno é de procedemento e destreza nas operacións. Os alumnos que necesiten recuperar algunhas das unidades de traballo desenvolvidas, recibirán un apoio esencial teórico-práctico antes de ser definitivamente avaliados. Antes do inicio do período de recuperación, se realizará unha proba teórica xeral. O alumnado que non superara algunha proba obxectiva escrita poderá recuperala. O alumnado que superara todas as probas obxectivas poderá subir nota. O alumnado que non supere algunha actividade práctica despois das actividades de reforzo, deberá realizar o período de recuperación. Para elo, recibirán clases de reforzo e recuperación naqueles conceptos e procedementos que resultasen avaliados negativamente, sendo avaliados no mes de xuño.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Atendendo ao artigo 25 da Orde de 12 de Xullo de 2011 o alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente. A proba extraordinaria versará sobre os contidos e os procedementos das unidades didácticas traballadas o longo do curso. Unha cualificación positiva nesta proba require o coñecemento global da materia, e dicir, farase un exame teórico e outro práctico de todo o módulo no que o alumnado terá que demostrar que acadou os resultados de aprendizaxe propostos para este curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN

Esta levarase a cabo mediante un continuo proceso de Feed-back. Corrixindo e mellorando todos aqueles aspectos que a xuízo do docente no dan os resultados esperados e polas canles establecidas por normativa legal.

AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación da propia práctica docente, tras cada unidade didáctica, farase unha reflexión sobre os seguintes aspectos:

- Motivación para o aprendizaxe: accións concretas que invitan ao alumnado a aprender.
- Organización do momento de ensinanza: dar estrutura e cohesión as diferentes secuencias do proceso de ensinar do profesorado e de aprender do alumnado.
- Orientación do traballo do alumnado: axuda e colaboración que se efectúa para que o alumnado logren con éxito os aprendizaxes previstos.
- Seguimento do proceso de aprendizaxe: accións de comprobación e mellora do proceso de aprendizaxe (ampliación, recuperación, reforzo, etc.).

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realízase para obter información sobre a situación de cada alumno e alumna con fin de obter información que permita planificar a intervención educativa atendendo as capacidades e necesidades individuais e grupais, así como, as características do entorno.

O procedemento a seguir para a recollida de información terá unha duración aproximada dun mes. As técnicas empregadas serán:

- Observación: realizar un rexistro anecdótico tanto de feitos positivos como negativos da conducta do alumnado.
- Círculos restaurativos: tratando temas clave que permitan a obtención da información buscada e onde o docente de a coñecer información propia (real ou ficticia) para crear un ambiente de confianza mutuo.
- O diario: realizar anotacións diarias sobre as tarefas planeadas e as que se fan, así como, o interese que suscita unha tarefa determinada.
- Proba escrita sobre os contidos traballados durante período de recollida de información.
- Reunión do equipo docente, da xefatura de estudos e da orientadora do centro para a posta en común de toda a información recollida.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte.

Repetición de actividades.

Realización de resumos de cada Unidade Didáctica.

Realización de traballos extra, que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

Utilización das novas tecnoloxías para realizar unha mellor exposición dos temas.

Mesturar estes alumnos cos que teñan Altas capacidades intelectuais.

Contarase colaboración e asesoramento do Departamento de orientación do centro.

Por outro lado, para o alumnado que presente altas capacidades intelectuais:

Investigación na rede de preguntas feitas polo profesor co obxectivo de ampliar, actualizar e personalizar as súas inquedanzas.

Resolución de problemas de dificultade alta que incentiven as súas capacidades intelectuais.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Un profesional da rama de hostalería debe ser tamén unha persoa socialmente madura que participa na construción da súa comunidade, un cidadán protagonista no discurso pola paz e a non violencia, a tolerancia, o respecto á diversidade, a sensibilización medioambiental, a vida

saudable, o consumo intelixente, así como, un cidadán formado no civismo imprescindible para a convivencia democrática.

O traballo interdisciplinario pódese desenrolar en cada recuncho e en cada momento e, por iso, o tratamento que se darán os contidos transversais será a integración no módulo. Tamén seremos sensibles a un conxunto de conmemoracións (día da árbore, día do medioambiente, etc.) que permitiranos reforzar a atención e favorecerá sensibilización de toda a comunidade educativa ós mencionados contidos.

En conxunto ou por separado trataranse os seguintes temas transversais:

- Educación para o consumo responsable.
- Educación para a saúde, tendo en conta a alimentación como factor de saúde.
- Educación medio ambiental, mostrando interese e respecto polo medio ambiente.
- Educación en valores, tendo presente valores humanos e de convivencia.
- Educación para a igualdade, respectando as persoas dende a igualdade.
- Educación para a cooperación, aprendendo a cooperar cos demais.
- Educación para a integración social, aprendendo a integrarse e convivir.
- Educación para a interculturalidade, estando aberto a outras costumes e formas de vivir.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias:

Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

Semanas ou xornadas gastronómicas.

Presentación de produtos.

Presentación de equipos.

Conferencias e charlas especializadas.

Cursos monográficos

E tamén outras dentro ou fora do centro como resultado da colaboración do IES con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.

Actividades extraescolares

Posibilidade de organizar unha visita a un restaurante ou hotel para coñecer a súa organización e funcionamento.

Asistir a certames e concursos promovidos polos centros educativos e CIFP da nosa comunidade autónoma, como: Fase rexional do Spain-Skills (Olimpiadas da FP), concurso de Baristas en Foz, etc.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CMHOT02	Servizos en restauración	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0154	O viño e o seu servizo	2021/2022	7	140	140

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANXO LEIS BUJÁN
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

Participación en Feiras, Mostras, Xornadas Técnicas, Sesións Informativas, Charlas e Coloquios relacionados co ámbito profesional ou de carácter xeral e realizados fóra ou dentro do centro coma por exemplo: visita ao IFEMA ao salón do estudante, participación nas Xornadas de Orientación profesional que se celebran para todos os centros da comarca, participación en Obradoiros sobre sexualidade e violencia de xénero, prevención de lesións medulares, etc., e no Programa de Divulgación en doazón e transplantes de órganos que se celebran anualmente. Tamén está prevista unha charla a cargo da Garda Civil relacionada coa prevención dos delitos telemáticos, e o uso responsable dos recursos de Internet.

10. Outros apartados

10.1) Aula virtual

De xeito xeralizado, a profesora empregará, para o desenrolo do curso, a Aula Virtual na que irá compartindo información interesante co alumnado, tanto procedente de noticias como de medios xurídicos e que poderá utilizar tamén como medio para poñer e corregir exames.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CMHOT02	Servizos en restauración	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0158	Empresa e iniciativa emprendedora	2021/2022	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA LUPIÁÑEZ LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo establecido adecuase perfectamente ás características do ámbito produtivo da industria alimentaria, polo que non foi obxecto de concreción algunha. As unidades didácticas que fan referencia a creación e posta en marcha dunha empresa, xa foron deseñadas tendo en conta as características dun establecemento dedicado ao sector da restauración.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora.	Analizar o concepto de empresa e emprendedor, o espírito emprendedor e o contido dun proxecto empresarial.	6	11
2	A empresa e o seu contorno.	Análise da empresa e do seu contorno.	7	12
3	Planificación e organización dunha empresa.	Planificación e organización da empresa: estudo de mercado, marketing, clientes, competencia...O proxecto empresarial.	7	12
4	Creación e posta en marcha dunha empresa.	Trámites de creación e posta en marcha da empresa e análise das diferentes formas xurídicas.	9	15
5	Xestión financeira.	Investimento e financiamento no proxecto empresarial.	13	25
6	Fiscalidade e xestión administrativa.	Análise das obrigas fiscais da empresa e dos procesos administrativos para o funcionamento da mesma.	11	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora.	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da restauración.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da restauración que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de restauración (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector da restauración.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da restauración.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e o seu contorno.	7

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de restauración en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa restauración e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de restauración, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de restauración: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de restauración: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Planificación e organización dunha empresa.	7

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de restauración e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.3.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Creación e posta en marcha dunha empresa.	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da restauración.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de restauración tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.4.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de restauración.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión financeira.	13

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da restauración.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Fiscalidade e xestión administrativa.	11

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa restauración, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimes
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

4.6.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de restauración: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os MÍNIMOS ESIXIBLES para acadar a avaliación positiva do módulo serán os que se indican en cada UD como CA mínimo esixible.

Os MEDIOS DE VALORACIÓN que se utilizarán para apreciar si o alumno/a acada os mínimos esixidos serán:

- Probas escritas, que poderán incluír, tests, preguntas de desenvolvemento, supostos prácticos, resolución de exercicios e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UDs para este tipo de Instrumento de Avaliación.
- Documento de Proxecto Empresarial telemático feito e compartido coa profesora en google Drive.
- Outros medios de cualificación a aplicar que se valorarán son táboas de observación do traballo realizado polo alumnado na clase que suporán as porcentaxes indicadas en cada unha das UDs para este tipo de Instrumento de Avaliación o documento feito en google drive presentado por cada alumno/a telemáticamente á profesora e que estes irán completando ao longo do curso coa información que a profesora lles irá indicando para lles guiar na súa elaboración: a súa valoración será conforme as porcentaxes indicadas en cada unha das UDs para os distintos apartados que se deben contemplar.

ROCEDEMENTOS XERAIS

Nas probas escritas ao lado do enunciado da pregunta farase constar o valor numérico da mesma.

As probas cualifícaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10 (ou os seus múltiplos)

O redondeo da nota quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente superior, exemplo: si a nota é 5.6, a nota redondeada será 6.

CUALIFICACIÓN

As cualificacións do alumnado levaranse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza Xefatura de Estudos. A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5.

O 20% da nota dependerá da asistencia comprometida, activa e participativa -non coma un moble nin aproveitando a ocasión para meter barullo- e falar cos compañeiros, é dicir, terase en conta o comportamento e máis o interese. A profesora rexistrará o comportamento do alumnado na propia ficha individual de cada alumno. Esta porcentaxe non poderá aplicarse si o alumno non asiste coa asiduidade requirida, isto é, si ten faltas acumuladas mesmo inferiores ao 10% do total das horas marcadas para o módulo pero que supoñan a imposibilidade por parte do alumno do seguimento correcto do módulo, según a apreciación rigurosa da asistencia por parte da profesora. A acumulación de faltas que sí supoñan un 10 % do total de horas do módulo supón a perda de dereito á avaliación continua. Nos casos de perda do dereito á avaliación continua, o alumnado será avaliado e cualificado nunha proba extraordinaria a finais de curso.

O outro 80% da nota procederá da suma das seguintes porcentaxes: Na Primeira Avaliación, o exame teórico terá un valor do 60% mentras que o Plan de Empresa terá un peso dun 40% da nota, na Segunda Avaliación e última, o exame teórico terá un valor do 40% mentras que o Plan de Empresa terá un peso dun 60% da nota, de forma que facendo estes cálculos obteríamos o 80% da nota final en cada Avaliación, deixando para calcular despois a porcentaxe do 20% da nota correspondente á asistencia, comportamento e interese, sendo a nota final a suma das dúas porcentaxes de 20% e 80% (tendo en conta que como mínimo hase de obter a media dun cinco nos exames teóricos e no Plan de Empresa, para poder avaliar a asistencia, comportamento e interese).

Para a cualificación teranse en conta, como mínimo, os seguintes aspectos:

- * Innovación, creatividade e rapidez na obtención da idea emprendedora do seu Proxecto Empresarial.
- * Coñecementos teórico-prácticos.
- * Traballos e exercicios realizados e puntualidade na súa entrega.
- * Participación e constancia no traballo.
- * Si é un grupo, valorarase tamén a súa cohesión para traballar e tomar decisións.
- * Mantemento e cumprimento das normas de orde e seguridade e hixiene.
- * Puntualidade e asistencia a clase

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación durante o curso:

Durante o curso realizaranse probas de recuperación para aqueles alumnos/as que non conseguiron acadar os mínimos esixidos en cada unha das avaliacións. Co obxectivo de que non perdan o ritmo da materia e se desmotiven, realizaranse nas primeiras semanas de cada unha das avaliacións (exceptuando lóxicamente a primeira), as oportunas probas que respetarán o formato das realizadas en primeiro lugar e que permitan á profesora comprobar a evolución dos alumnos e o seu dominio dos contidos básicos xa tratados no trimestre inmediatamente anterior. No caso de ser superadas positivamente estas probas, a avaliación constará a partir dese momento como aprobada para o alumno, que non terá que realizar máis exames que incidan sobre os mesmos contidos.

A recuperación durante o curso das avaliacións que queden pendentes para o alumnado tamén se poderá facer propoñendo, pola profesora, a realización de exercicios de reforzo de forma autónoma que redunden sobre o explicado e que incidan naqueles aspectos que non se superaron convintemente. Fixarase un prazo de entrega para estes exercicios, que oscilará entre unha semana e quince días (segundo a súa dificultade), e a profesora comunicará ao alumno/a as áreas que foron obxecto de recuperación e as que siguen pendentes. De non superarse durante o curso, terán que ser recuperadas mediante a oportuna proba de avaliación a realizar ao rematar o curso.

Recuperación de xuño:

No mes de xuño terán lugar unhas probas de recuperación para aquelas/es alumnas/os que suspenderon algunha avaliación (PLAN DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN). Para aprobar o módulo esíxese a superación de cada unha das avaliacións. Neste módulo as alumnas e os alumnos terán que volver sobre o reiteradamente explicado durante o curso para, con un maior interese pola súa parte, chegar a un mínimo esixible -contidos mínimos-. Nese tempo, o profesor estará á disposición das alumnas e alumnos para aquelas consultas puntuais que, a xuízo de aquela, sexan de necesaria explicación para que a comprensión da materia non sexa imposible.

A tal fin, haberá unha serie exames fixados pola profesora e con antelación suficiente indicaranse as datas, hora e lugar. Os exames consistirán na superación de probas orais ou escritas ou unha combinación de ambas, presenciais ou telemáticas, que abarquen a totalidade dos contidos, especialmente os contidos mínimos. Estas probas demostrarán o dominio das capacidades e contidos.

Para superar cada proba esíxese que se resolvan correctamente a metade das preguntas ou problemas prantexados e sempre e cando non se cometan erros de conceptos e contidos mínimos. En todo caso, aqueles bloques temáticos que os alumnos/as xa superaron positivamente durante o curso, non serán obxecto de examen.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema de avaliación para aquelas/es alumnas/os que perderon o dereito de avaliación continua (PLAN EXTRAORDINARIO DE AVALIACIÓN), consistirá na superación de probas orais ou escritas ou unha combinación de ambas que abarquen a totalidade dos contidos, especialmente os contidos mínimos e o Plan de Empresa que todos os alumnos deben presentar para superar o curso. Estas probas demostrarán o dominio das capacidades e contidos procedimentaris, conceptuais e actitudinais. Tamén poderán adoptar a forma de preguntas de selección, preguntas de

producción ou resolución de supostos de feito, incluso preguntas tipo test.

A tal fin, haberá unha serie de exames fixados pola Xefatura de Estudos do instituto e con antelación suficiente indicaranse as datas, hora e lugar. Para superar cada proba esíxese que se resolvan correctamente a metade das preguntas ou problemas prantexados e sempre e cando non se cometan erros de contidos mínimos, xa sexan de carácter procedimental, conceptual ou actitudinal.

Como xa se comentou, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua é do 10% da duración do módulo. (Resolución de 27 de xullo de 2009). Este alumnado, no caso de que supere, antes da perda do dereito á avaliación continua, algún ou algúns dos bloques temáticos, consideraráselles superados, a condición de que haxa unha asistencia a clase regular a partir da perda de avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Unha vez rematada a elaboración da programación, firmada polo xefe do Departamento de FOL e presentada ante a Xefatura de Estudos, este documento non pode converterse en algo ríxido, inflexible e pechado, senón todo o contrario, ao longo de todo o curso o docente debe ter en conta as pautas establecidas na programación e en base a ela elaborar as súas programacións de aula. Cando remate o curso o propio docente deberá facer una Memoria onde se recolla o grao de axuste entre o programado a principios de curso dun modo teórico na programación e o acaecido realmente ao longo do curso ao aplicar esta programación ás programacións de aula e exercer a docencia diante dos alumnos.

Os posibles indicadores a ter en conta para a AVALIAR A PROGRAMACIÓN serían os seguintes:

-Entrega en prazo: deberá comprobar se se cumpriron os prazos de entrega para a documentación fixados pola Dirección do centro.

-Obxectivos: prestarase especial atención en comprobar se se acadaron os obxectivos marcados.

-Contidos: comprobarase se se desenvolveron todos os contidos, especialmente os contidos mínimos, e máis se houbo variacións en canto á secuenciación e temporalización.

-Metodoloxía: neste apartado valorarase se a metodoloxía empregada foi a máis axeitada para conseguir os obxectivos marcados e desenvolver os contidos programados, ou é preciso introducir medidas correctoras para o próximo curso.

-Recursos didácticos: Valoraremos se os recursos foron insuficientes ou excesivos, se se empregaron na súa totalidade e se se fixo o uso esperado deles. Consideraremos a posibilidade de introducir novidades para o próximo ano. Avaliaremos a idoneidade do libro de texto recomendado e dos apuntes proporcionados.

-Criterios de Avaliación: comprobarase se foron tratados na súa totalidade, e se deron resposta aos obxectivos e aos contidos establecidos.

-Actividades de recuperación: teranse en conta os resultados obtidos como consecuencia da posta en práctica das actividades de recuperación deseñadas. Valoraranse os resultados acadados polos alumnos que as realizaron e o grao de dificultade atopado na realización das mesmas.

-Recuperación pendentes: realizarase un tratamento estatístico dos resultados obtidos con relación aos alumnos con materias pendentes de cursos anteriores.

-Actividades extraescolares: recollerase unha relación detallada das actividades extraescolares que se levaron a cabo, valorarase a súa funcionalidade con relación ao proceso de aprendizaxe, a conexión coa materia impartida, a idoneidade da data e da súa duración, e a colaboración entre os departamentos no seu desenvolvemento. Tamén será tida en conta a opinión do alumnado con relación a este particular (organización, custo, grao de aproveitamento, etc.).

-Temas transversais: apreciarase o grao de tratamento dos temas transversais propostos e a resposta e colaboración do alumnado neste punto, o interés manifestado e a súa actitude.

-Atención á diversidade: serán valoradas as medidas adoptadas con relación á atención á diversidade, en concreto, a súa adecuación ás necesidades detectadas, a súa capacidade para dar resposta á variedade do alumnado e a colaboración entre departamentos, en especial co departamento de Orientación do centro. Ao final do curso tamén se observarán os progresos realizados polos alumnos *¿afectados¿*, e valorarase a posibilidade de orientar ao alumnado cara aqueles estudos nos que poidan desenvolver dun xeito máis axeitado as súas capacidades.

-Fomento da lectura e das TICs: valorarase se os obxectivos marcados con relación ao Plan Lector foron cumpridos, e se así foi en que grao.

Tamén se considerará a idoneidade das lecturas propostas, así como a posibilidade de introducir novos títulos de cara ao ano que vén (neste caso

indicaranse cales). Con relación ás TICs, teremos que valorar entre outras cousas, o uso que se fixo delas, o aproveitamento polo alumnado, a utilización que fixo o profesorado, cales foron os recursos máis empregados, cales foron as dificultades atopadas e as súas posibles causas, e as propostas de melloras. Todo isto tendo en conta os obxectivos marcados no Plan TICs.

-Fomento da convivencia: Indicarase os problemas atopados na convivencia se os houbo, as solución adoptadas, as medidas correctoras empregadas, e a súa capacidade resolutoria. Tamén se apreciara neste punto o respecto do alumnado cara á normativa procuradora da convivencia no centro e o grao de colaboración de todos os membros da comunidade educativa.

-Probas de coñecementos previos: valorarase a idoneidade do seu formato, da data de realización e a súa utilización práctica cara o futuro deseño do proceso de ensino- aprendizaxe.

Respecto a AVALIACIÓN da PRÁCTICA DOCENTE:

O docente ao remate de cada trimestre pasará ao alumnado un test anónimo no que se recollerán distintas cuestións que o alumnado valorará de 1 a 5, sendo 1 o mínimo posible e 5 o máximo, tales como:

- Adecuación dos contidos do módulo
- Adecuación da metodoloxía empregada
- Adecuación da temporalización
- Valoración da propia práctica docente.

Deixando un apartado ou pregunta aberta onde os alumnos fagan os seus propios comentarios e suxestións co fin de mellorar a actividade de docente e a asimilación dos contidos mínimos por parte do alumnado.

Segundo os resultados obtidos neste test o docente irá facendo as adaptacións oportunas na súa programación o longo do curso académico.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Esta variedade responde á necesidade de coñecer o punto de partida do alumnado, tanto no que se refire ao seu nivel de coñecementos previos como a outro tipo de situacións e necesidades. Esta avaliación inicial farase ao principio de cada unidade didáctica, mediante un remuíño de ideas onde se poña de manifesto o que os alumnos coñecen do tema e as súas características persoais, o que permite unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada. Tamén incluiremos neste apartado a correspondente reunión do equipo docente de cada grupo de alumnos que, coordinada polo profesor-titor, se fará ao comezo das actividades do ciclo formativo. Esta reunión non dará lugar a unha calificación por alumno, senón que é orientativa para o docente.

As alumnas e os alumnos serán sometidos a un proceso de AVALIACIÓN INICIAL, proceso que se levará a cabo ó longo da segunda quincena de setembro do curso académico 2013-2014. Preténdese con ela, conseguir dispoñer da maior cantidade posible de información de cada un dos alumnos, tanto no relativo ó ámbito persoal como ó académico e ó de competencia curricular, co fin de facilita-lo proceso de ensino-aprendizaxe de todo-os alumnos, para tratar de facer posible o principio de "APRENDIZAXE SIGNIFICATIVO" en cada caso. A consecución deste obxectivo implica que a avaliación inicial non debe servir para "etiquetar ou catalogar" a determinados alumnos en base ó seu historial previo ou outras características.

Poñerase especial atención ás medidas de reforzo educativo e cando sexa necesario adoptaranse medidas de adaptación curricular. Para proceder a elaborar un Plan de Atención á Diversidade, existen diferentes etapas que, para este módulo serán as seguintes:

- 1.- Avaliación inicial, pola que se intentará detectar cal é o problema do aprendizaxe concreto que presenta a alumna ou o alumno, é dicir, determinar que é o que non consegue realizar dentro do traballo escolar e, en función desto, determinar o obxectivo a cubrir por él. Como instrumento pódense utiliza-las probas escritas mediante cuestionarios sinxelos, entrevistas e, si fose necesario, a axuda de especialistas.
- 2.- Proposta curricular, pola que se trata de poñer os medios para lograr e alcanzar os obxectivos propostos. Si se modifican os obxectivos e alonxamos á alumna ou ó alumno dos plantexamentos xerais, básicos e mínimos para todo e alumnado, esta adaptación será significativa. Será necesario utilizar unha metodoloxía activa que potencia a participación, propoñendo ó alumno/a as realidades concretas unidas ó seu entorno,

propiciando o traballo en grupo e favorecendo a súa participación nos debates previstos.

Ó mesmo tempo, pódense propoñer dous tipos de actividades: a primeira común para todo o alumnado e a segunda, diferente, segundo o grado de consecución dos obxectivos propostos, facilitando así a graduación de contidos en orde crecente de dificultade.

3.- Avaliación sumativa, coa que se pretende saber si se alcanzaron os obxectivos propostos. Neste sentido:

- Avaliaranse os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinaris.

- Avaliarase o traballo en equipo.

En definitiva, haberá que valorar o avance detectado e a consecución dos obxectivos sinalados para as alumnas e os alumnos con problemas concretos de aprendizaxe.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o bo funcionamento do curso e para que finalmente os alumnos acaden os obxectivos e as capacidades terminais referentes ao módulo, é de vital importancia que o docente teña un coñecemento o máis exhaustivo posible das características e condicionantes persoais do alumnado co que vai ter que traballar ao longo do curso.

Así, previamente ao comezo do proceso e no momento da realización da programación o docente tratará de informarse, a traves da xefatura de estudos e do departamento de orientación, se algún dos alumnos que conforman o grupo ten algunha característica ou condicionante que lle poida dificultar o acadar os mínimos esixidos para superar o módulo, sen que chegue a tratarse dun alumno con necesidades educativas especiais (xa visto noutro apartado), ou que pola contra, haxa algún alumno con altas capacidades que poida asimilar moita máis información sobre a materia que os simples mínimos esixidos.

Unha vez iniciado o curso o profesor comezará dende o primeiro día e dun modo directo e persoal a observar a realizade da aula, xa que a DETECCIÓN PRECOZ deste tipo de casos e situacións é vital para o éxito na consecución dos obxectivos programados.

Así haberá que ter moi en conta dúas situacións ben diferenciadas:

-Os alumnos aos que lles costa máis acadar os mínimos esixidos e que de non realizar algún tipo de intervención é probable que non os acaden, para este alumnado o profesor preparará ACTIVIDADES DE REFORZO, a similitude das do resto do alumnado que lles permitan asimilar dun modo máis sinxelo e efectivo a materia e que irán entroncadas no caso que sexa necesario coas actividades de recuperación previstas na avaliación. Coma:

¿Darles esquemas ou resumos moi básicos cos mínimos que se van esixir sobre a materia, para que lles resulte máis sinxelo asimilala.

¿Darles exercicios e actividades para realizar fóra do horario lectivo que reforcen o que os demais xa aprenderon na aula.

¿Adicarlles un tempo cada 15 días, para de modo individual mentres os compañeiros traballan en outra actividade, resolverlles dúbidas e ofrecerlles a axuda que necesiten.

¿Poñelos a traballar, por parellas, con algún dos alumnos máis ¿aventaxados¿, para que lles axude, pero procurando sempre que esta medida non produza o efecto contrario do desánimo no alumno ao que máis lle costa.

Aos alumnos aos que as capacidades terminais elementais a acadar no módulo, lles resulten insuficientes, ben porque xa teñan coñecementos previos sobre a materia por algunha razón, ben porque as súas características persoais e intelectuais así os definan, o profesor prepararlles unha serie de ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN, que lles permitan avanzar un pouco máis na materia e ampliar o seu horizonte de coñecementos, evitando así que acaben por aburrirse na aula e ¿desmotivados¿. Por exemplo:

Encargarlles a realización de traballos de Profundización e Investigación, relacionados con algún aspecto ou contido do módulo que lles interese moito.

Completar as unidades didácticas con información extraída de campos diversos.

Colaborar cos compañeiros que teñen máis dificultades, en parellas.

Propoñerlles a resolución de actividades máis complexas cás que se propoñen para o resto dos/as alumnos/as do ciclo medio.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Como complemento da programación do módulo de EIE, ó longo do curso trataranse algúns dos seguintes temas, xa sexa a modo de debate, coloquio ou como tema obxecto de traballo por parte dos alumnos, traballo que realizarán a modo de actividade complementaria:

- ¿ O medio ambiente como patrimonio común.
- ¿ Respecto pola seguridade e a saúde tanto persoal como colectiva.
- ¿ A igualdade e a solidariedade.
- ¿ A ética profesional.
- ¿ A economía de mercado.
- ¿ A construción da Unión Europea.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o presente curso académico establécense unha serie de posibles actividades COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES a realizar, que a continuación pasamos a relatar.

De xurdir a necesidade ou oportunidade de realizar algún tipo de actividade a maiores, en función das demandas educativas do alumnado, o departamento de Formación e Orientación Laboral xustificará académicamente a súa necesidade e, salvo en casos en que non sexa posible realizala noutro momento, serán programadas para os dous primeiros trimestres do ano académico.

Dentro das ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS que se desenvolverán o longo do curso poderíamos citar:

- O emprego de metodoloxía de xogos: realización de test psicotécnicos para avaliar entre outras a idea, a capacidade de liderazgo, a capacidade emprendedora¿.
- Simulacións: realizacións de Role-Playing: por exemplo dunha entrevista de traballo nun proceso de selección de persoal, ou simulando presentar o noso proxecto ante un posible inversor.
- Visualización de videos ou películas relacionados coa iniciativa emprendedora, o mundo dos negocios, e a selección de persoal¿: ¿, Pisando fuerte¿, ¿El gran salto¿, ¿El jardinero fiel¿, ¿Wal Street¿, ¿El método¿, ¿Up in the air¿.
- Realización de debates sobre temas relacionados coa materia obxecto de estudio: por exemplo as distintas formas xurídicas e as súas ventaxas e inconvenientes.

Dentro das ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES incluíríamos:

¿As visitas escolares realizadas fóra do centro educativo, a organismos e empresas do sector profesional específico (centro de operacións de R), verificando deste xeito o alumnado a realidade dos contidos tratados na aula. Neste sentido programamos en colaboración co BicGalicia a visita a un viveiro de empresas, entre outras.

¿Visitas a organismos oficiais, algunhas programadas para que os alumnos/as reciban algunha charla orientativa, e outras que deberán facer eles pola súa conta para recabar datos e información pertinente para os seus proxectos: Escola Galega de Prevención de Riscos, á Tesorería Xeral da Seguridade Social, ao Rexistro Mercantil, á Asociación de Empresarios da comarca, ao Concello¿

¿Participación en Feiras, Mostras, Xornadas Técnicas, Sesións Informativas, Charlas e Coloquios relacionados co ámbito profesional ou de carácter xeral e realizados fóra ou dentro do centro coma por exemplo: visita ao IFEMA ao salón do estudante, participación nas Xornadas de Orientación profesional que se celebran para todos os centros da comarca, participación en Obradoiros sobre ¿sexualidade e violencia de xénero¿, ¿prevención de lesións medulares¿, e no Programa de Divulgación en ¿doazón e transplantes de órganos¿ que se celebran anualmente. Tamén está prevista unha charla a cargo da Garda Civil relacionada coa ¿prevención dos delitos telemáticos, e o uso responsable dos recursos de

Internet.

10. Outros apartados

10.1) Contidos pendentes de módulos anteriores

Os alumnos que pasaron de curso pero con FOL pendente, serán guiados na súa actividade de recuperación entregándolle á profesora o material e actividades que ela lles vaia encomendando da materia de FOL e na periodicidade que ela lles vaia marcando.

10.2) Uso da Aula Virtual

Polo xeral, a profesora utilizará a Aula Virtual como medio para explicar na clase e como medio de comunicación co alumnado, por nela irá colgando información de interese para eles, mesmo a poderá utilizar para establecer exames telemáticos nela.